

Fungos parasitocidas para a transición de ganderías a réximes pastorís (MR331 FEADER 2022-017B)

De forma resumida, pódese destacar que se observou unha diminución do risco de infección por endoparasitos do 33-37 % en galiñas poñedeiras e en leitóns en ceba en contacto cos fungos parasitocidas. Practicamente desapareceron as lesións provocadas por estes patóxenos (ata 10 %), cunha única desparasitación por ano (antes de que os animais entren nos pastos). Ademais, a distribución das esporas de *Mucor circinelloides* e *Duddingtonia flagrans* resultou inocua para as aves poñedeiras e os porcos.

Dos datos obtidos concluíuse que os resultados superaron os obxectivos fixados inicialmente:

- Dispoñer dun programa de control sustentable de endoparasitos que afectan as aves poñedeiras e o gando porcino en pastoreo.
- Reducir os niveis de infección por endoparasitos en leitóns e aves poñedeiras por debaixo do 40 %.
- Diminuír nun 40 % as perdas de saúde e rendemento causadas por endoparasitos nas explotacións porcinas e avícolas de posta.
- Limitar o emprego de antiparasitarios de síntese a un máximo de 1 vez/ano

Por todo o exposto, é importante destacar que os beneficios desta estratexia desenvolvida polo grupo operativo son os seguintes:

- 1- Enfoque preventivo para evitar a infección, co que se reduce o risco de enfermidade e o desenvolvemento de lesións nos animais.
- 2- Estratexia sustentable baseada no emprego de organismos antagonistas, inocuo para as persoas, os animais e os vexetais que se atopan de forma natural no medio (solo) e que se integran en equilibrio con outros microorganismos dos solos, polo que son controlados.
- 3- Os gandeiros dispoñen dunha posibilidade de desenvolver un procedemento co que solucionar un problema que dificulta notablemente os réximes pastorís, cunha estratexia extrapolable a outras especies de animais de renda, como o vacún, o ovino ou o caprino.
- 4- A distribución dos fungos xunto coas sementes nos prados abre unha posibilidade ignorada ata a data, facilitando o acondicionamento de pasteiros e minimizando a carga de endoparasitos no solo, o que favorecerá o desenvolvemento óptimo dos animais máis novos.